



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación definitiva das ordenanzas fiscais do IBI, IAE, IVTM e taxa do lixo

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DAS ORDENANZAS FISCAIS DO IBI, IAE, IVTM E TAXA DO LIXO

No Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de outubro de 2023, acordouse a aprobación provisional da modificación das seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal 1.1 de Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)
- Ordenanza fiscal 1.2 de Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)
- Ordenanza fiscal 1.3 de Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)
- Ordenanza fiscal 3.40 de reguladora da taxa do lixo

O acordo de aprobación provisional foi exposto ao público no taboleiro de anuncios do Concello, publicado no BOP núm. 207 do 30 de outubro de 2023 e nos diarios El Ideal Gallego e Diario de Bergantiños, ambos o 30 de outubro de 2023, dando un prazo de 30 días hábiles contados a partir da publicación para a presentación de reclamacións, sinalando que en ausencia de reclamacións durante o prazo de exposición pública, elevaríase a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Ao non presentarse reclamacións, o acordo de aprobación provisional elévase a definitivo, e en cumprimento do previsto na lexislación vixente anunciase a aprobación definitiva da devandita ordenanza cuxo texto íntegro se recolle como anexo.

ORDENANZA FISCAL 1.1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1. Fundamento e réxime aplicable

O Imposto sobre bens inmobles regularase no Concello da Laracha polas súas normas reguladoras, contidas nos artigos 60 a 77 (Subsección segunda da Sección terceira do capítulo II do Título II) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a mencionada Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Xestión do imposto

É competencia orixiaria do Concello da Laracha respecto da xestión tributaria do imposto e mantense delegada na Deputación Provincial da Coruña, a teor do artigo 7 da Lei 39/88, en relación ao 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, polo que corresponde a devandita Deputación a xestión tributaria deste imposto.

Artigo 3. Mínimo exento

Conforme o artigo 62.4 do TRLRFL, atendendo a razón de eficiencia e economía na xestión recaudatoria, tributo establececese un mínimo exento nos seguintes casos:

- a) os bens inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 3,00 €
- b) os bens inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 3,00 €

Artigo 4. Tipo de gravame

Aplicaranse os seguintes tipos segundo a clase de ben de que se trate:

- 1.- Bens inmobles urbanos: 0,44%
- 2.- Bens Inmobles rústicos: 0,44%
- 3.- Bens inmobles de características especiais: 1,30%

Artigo 5. Bonificación a familias numerosas

A teor do que se dispón no artigo 74.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo co previsto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, gozaran dunha bonificación na cota íntegra do imposto.

Esta bonificación concederase exclusivamente para a vivenda que constituía a súa residencia habitual, de conformidade cos seguintes supostos:

- Bonificación do 75% para as familias numerosas de categoría especial.
- Bonificación do 50% para as familias numerosas de categoría xeral.

Os interesados deberán de solicitar a bonificación ante a Deputación Provincial da Coruña, conforme á delegación de competencias en materia tributaria, achegando a seguinte documentación antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación:

- Xustificación da condición de familia numerosa (título oficial establecido para os efectos).
- Volante ou certificado de empadramento.

Así mesmo, de acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou que fosen elaborados por calquera outra administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar estes documentos salvo que o interesado se opuxese a iso.

A bonificación aplicarase durante a vixencia do título de familia numerosa e será compatible coa regulada no artigo 7.

Artigo 6. Bonificación por inmobles con actividades económicas declaradas de interese ou utilidade municipal

6.1 Establecerase unha bonificación durante tres exercicios de cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 74.2 quáter do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como en aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación neta de emprego en postos indefinidos e a xornada completa. En relación con esta bonificación potestativa estableceranse os seguintes tramos:

- ≤ o 95% da cota pola creación de mais de 20 postos de traballo.
- ≤ o 75% da cota pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- ≤ o 50% da cota pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as. Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberán manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal previa ao outorgamento da anterior bonificación.

Unha vez declarado, no seu caso, polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal, deberase solicitar á Deputación Provincial a aplicación da bonificación.

Artigo 7. Bonificación de vivendas de protección oficial e as equiparadas segundo normativa autonómica.

7.1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

Esta bonificación concederase a petición do interesado podendo solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma, e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte ó da súa solicitude. Para isto, xunto ó escrito de solicitude de bonificación, o interesado deberá achega-la seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF do titular do inmovible.
- b) Fotocopia de alteración catastral (modelo 900D).
- c) Fotocopia do documento de cualificación definitiva de vivenda de protección oficial.
- d) Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.
- e) Se na escritura pública non consta a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI correspondente ó exercicio anterior.

7.2. Esgotados os tres anos para desfrutar da bonificación do apartado primeiro, estas vivendas gozarán durante os tres exercicios seguintes dunha bonificación do 40%, 25% e do 10% respectivamente na cota íntegra do imposto respectivamente. Para a aplicación desta bonificación será requisito indispensable que o suxeito pasivo a solicite no ano anterior ó inicio achegando un certificado de empadramento do suxeito pasivo da vivenda obxecto da bonificación ou autorización para a súa consulta.

7.3. Esta bonificación será compatible coa bonificación regulada no artigo cinco.

Artigo 8. Exencións

De acordo do artigo 62.2.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, estarán exentos do imposto sobre bens inmovibles aqueles bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fines específicos dos referidos centros.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ORDENANZA FISCAL 1.2 REGULADORA IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**Artigo 1. Fundamento e réxime xurídico.**

O Imposto sobre Actividades Económicas esíxese neste concello de conformidade co disposto nos artigos 78 a 91 do Real decreto legislativo 2/2004, aplicándose sobre estas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos da presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Coeficiente de situación

Sobre a cota resultante da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese a seguinte escala de coeficientes que pondera a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique:

Categoría	Situación	Coeficiente de situación
Primeira	Polígono Empresarial da Laracha e zona de influencia que teña a calificación de solo industrial	1,20
Segunda	Rúas e demais vías públicas do resto do municipio.	1,00

A categoría primeira se corresponde coas rúas A, B, C, D, E e F do Parque Empresarial da Laracha e do Lugar/Polígono de Lendo colindante co Parque Empresarial, por ser unha zona intensiva na actividade económica do municipio e requirir unhas necesidades funcionais e de planificación específicas.

A categoría segunda se corresponde coas demais vías públicas do municipio non incluídas na categoría primeira.

Artigo 3. Bonificación por fomento do emprego**3.1 Obxecto e duración**

Terán unha bonificación, de carácter rogado, durante os **tres exercicios** seguintes ao da solicitude, os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulado no artigo 88.2.e) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación neta de emprego.

3.2 Determinación da creación neta de emprego

Para verificar o cumprimento da creación neta de emprego, os requisitos son os seguintes:

a) Os postos de traballo creados deberán ser indefinidos e a tempo completo. Computarán como novos postos creados os que deriven da reconversión de contratos temporais ou a tempo parcial en contratos indefinidos a tempo completo.

b) Os postos de traballo creados deberán manterse durante os exercicios nos que teña vixencia a bonificación deste imposto.

c) Non poderá ser beneficiario da bonificación os suxeitos pasivos que tiveran adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

d) Para verificar o mantemento dos requisitos para a aplicación da bonificación, os suxeitos pasivos deberán remitir á Deputación Provincial antes do 31 de marzo de cada ano a relación nominal de trabaxadores (RNT) de cada un dos meses do ano anterior.

3.3 Porcentaxes de bonificación

En relación con esta bonificación estableceranse os seguintes tramos:

- o 95% pola creación de mais de 20 postos de traballo.
- o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

3.4 Procedemento e competencia

Os beneficiarios deberán solicitar a declaración de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego ao Pleno do Concello da Laracha, achegando ás altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as e a a relación nominal de trabaxadores (RNT).

Unha vez declarado, no seu caso, polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade municipal, deberase solicitar á Deputación Provincial a aplicación da bonificación antes do 31 de decembro do ano precedente ao período impositivo ao que se pretenda que produza efectos.

O Concello e a Deputación Provincial da Coruña poderán realizar de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto destas bonificacións. Os obrigados tributarios deberán comunicar igualmente a ambas entidades calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación dos beneficios fiscais regulados no presente artigo, así como achegar anualmente a documentación requirida para xustificar o mantemento da bonificación.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor o día 01 de xaneiro de 2024, e unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, mantendo a súa vixencia en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

ORDENANZA FISCAL 1.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**Artigo 1. Fundamento e réxime aplicable**

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) regularase no Concello da Laracha polas súas normas reguladoras, contidas nos artigos 92 a 99 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a mencionada Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Xestión do imposto

É competencia orixiaria do Concello da Laracha respecto da xestión tributaria do imposto e mantense delegada na Deputación Provincial da Coruña, a teor do artigo 7 da Lei 39/88, en relación ao 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, polo que corresponde a devandita Deputación a xestión tributaria deste imposto.

Conforme se recolle nos artigos seguintes o pago do Imposto acreditarase mediante declaración-liquidación no caso das primeiras adquisición ou reforma substancial ou mediante recibo no caso de vehículos xa matriculados.

Artigo 3. Tarifas

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os coeficientes de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicables neste Municipio quedan fixados nos seguintes:

Potencias e clases de vehículos	Coefficiente
A) Turismos:	
Menos de menos de oito caballos fiscales	1,25
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	1,25
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	1,30
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	1,35
De 20 caballos fiscales en adelante	1,40
B) Autobuses:	
De menos de 21 plazas	1,25
De 21 a 50 plazas	1,25
De más de 50 plazas	1,30
C) Camiones:	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	1,25
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	1,25
De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	1,30
De más de 9.999 kilogramos de carga útil	1,35
D) Tractores:	
De menos de 16 caballos fiscales	1,25
De 16 a 25 caballos fiscales	1,25
De más de 25 caballos fiscales	1,30
E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 y más de 750 kilogramos de carga útil	1,25
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	1,25
De más de 2.999 kilogramos de carga útil	1,30
F) Vehículos:	
Ciclomotores	1,25
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	1,25
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos	1,25
Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos	1,25
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos	1,30
Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos	1,35

Artigo 4. Exencións

En aplicación do disposto no artigo 93.2 parágrafo 2.º relativo á exención de vehículos a nome de persoas con limitacións ou mobilidade reducida para o seu uso exclusivo, o interesado deberá presentar na Deputación Provincial, xunto co xustificante do destino do vehículo, certificado emitido polo órgano competente que acredite unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por cento.

Artigo 5. Bonificacións

1. A teor do previsto no artigo 95.6.c) do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece unha bonificación do 100% da cota para os vehículos históricos ou que teñan data de primeira matriculación anterior a 01 de xaneiro de 1999.

2. Segundo o disposto no artigo 95.6.a) do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán unha bonificación do 75% na cota do Imposto, durante cinco anos naturais contados dende a primeira matriculación os contribuíntes que adquiren un vehículo eléctrico, de biodiésel, glp ou movido por hidróxeno.

Deberá presentarse o interesado deberá presentar na Deputación Provincial a solicitude xunto coa documentación do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha dos supostos anteriormente previstos, antes do 31 de decembro do ano anterior de concesión da bonificación, salvo nos casos de alta que tamén se poderá aplicar na propia autoliquidación. A concesión das bonificacións está condicionado a ter ITV en vigor no momento da solicitude.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ORDENANZA FISCAL 3.40 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO**Artigo 1. Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Laracha establece a taxa por recollida de lixo.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa da prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

Para tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentos ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto e non están suxeitos á taxa os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade, de acordo coas definicións recollidas na lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa título de propietario de usufrutuario, habitacionistas, arrendatario, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeito pasivo substituído do contribuínte o propietario da vivenda ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os beneficiarios do servizo usuarios daquelas.

Artigo 4. Responsables

O réxime de responsabilidades axustarase ao previsto nos artigos 41 a 43 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Artigo 5. Exencións

So admitiranse os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria

As tarifas a aplicar serán as resultantes de aplica-lo baremo establecido a continuación, sen perxuízo do disposto na disposición adicional primeira:

Epígrafe	Superficie en metros cadrados	Tarifa rural	Tarifa urbana
1º.-Vivenda Rural 2º.- Vivenda Urbana		72	83
2º.- Hostalería e establecementos alimentación	0 a 30	164,59	205,94
	31 a 100	217,91	272,37
	101 a 200	265,73	332,18
	201 a 400	425,19	531,49
	401 a 800	531,49	645,51
	801 a 1.200	690,94	839,16
	mais de 1.200	967,32	1.174,82
3º.-Actividades económicas en xeral	0 a 30	90,38	112,97
	31 a 100	172,82	209,28
	101 a 200	220,56	275,72
	más de 201	332,19	372,34

As tarifas sinaladas terán carácter irreducible e corresponden a un ano.

Artigo 7. Devengo

Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Artigo 8. Declaración e ingreso

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se reporte por vez primeira a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando para os efectos a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota.

Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que producirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se efectuase declaración.

O cobro das cotas efectuarase anualmente mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que estas correspondan en cada caso, rexerese segundo o disposto no Título IV da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional

En aplicación ao disposto no punto tres da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no artigo 6 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon e que se cuantifica nos seguinte:

Epígrafe	Superficie en metros cadrados	Tarifa rural	Tarifa urbana
1º.-Vivenda Rural 2º.- Vivenda Urbana		64,8	74,7
2º.- Hostalería e establecementos alimentación	0 a 30	148,13	185,35
	31 a 100	196,12	245,13
	101 a 200	239,16	298,96
	201 a 400	382,67	478,34
	401 a 800	478,34	580,96
	801 a 1.200	621,85	755,24
	mais de 1.200	870,59	1057,34
3º.-Actividades económicas en xeral	0 a 30	81,34	101,67
	31 a 100	155,54	188,35
	101 a 200	198,5	248,15
	más de 201	298,97	335,11

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2024, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derrogación expresa.

A Laracha, 21 de decembro de 2023

O alcalde

Jose Manuel López Varela

2023/10078